

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**11164** *Real decreto 927/2015, do 16 de outubro, polo que se concede o uso da bandeira de España á Policía Nacional.*

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, creou o Corpo Nacional de Policía mediante a integración dos corpos policiais de ámbito estatal existentes, un de natureza civil, o Corpo Superior de Policía, e outro de carácter militar, a Policía Nacional, conformando desta maneira o citado Corpo Nacional de Policía que a propia lei se encargou de cualificar como un instituto armado de carácter civil.

A Policía Nacional –anterior Policía Armada–, en consideración á súa estrutura, organización e a ese carácter militar, tiña o dereito a usar e ostentar a bandeira nacional, outorgado polo Decreto 485/1970, do 26 de febreiro, polo que se concede o dereito a usar e ostentar a bandeira nacional ao Corpo de Policía Armada.

Este antecedente, unido á condición de garante das liberdades públicas e da seguridade cidadá da Policía Nacional, así como ao feito de ser unha organización de ámbito nacional que conta, entre outros, con unidades e servizos uniformados, e que participa nunha diversidade de actos conmemorativos, fana merecedora de ostentar a bandeira de España como estímulo para o cumprimento do servizo público encomendado.

A regulación do uso da bandeira de España por parte da Policía Nacional é específica para ela e fundaméntase no disposto na Lei 39/1981, do 28 de outubro, pola que se regula o uso da bandeira de España e doutras bandeiras e insignias.

Este real decreto está integrado por catro artigos, unha disposición adicional, unha derogatoria e dúas derradeiras.

O artigo 1 concede o uso da bandeira de España á Policía Nacional. O artigo 2 prevé o seu uso polas xefaturas superiores de policía e pola Escola Nacional de Policía. No artigo 3 determínase o protocolo e escolta da bandeira de España. O artigo 4 dedícase ás medidas e aos accesorios da bandeira de España no seu uso pola Policía Nacional. A disposición adicional única regula o seu uso en homenaxe aos caídos en acto de servizo. A disposición derogatoria única derroga expresamente o Decreto 485/1970, do 26 de febreiro. A disposición derradeira primeira refírese ao desenvolvemento normativo, e a disposición derradeira segunda á entrada en vigor.

Na súa virtude, en uso da habilitación normativa prevista na disposición adicional da Lei 39/1981, do 28 de outubro, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de outubro de 2015,

#### DISPOÑO:

**Artigo 1.** *Concesión e uso da bandeira de España pola Policía Nacional.*

1. Concédese á Policía Nacional o uso da bandeira de España, cuxa custodia corresponde á Dirección Adxunta Operativa da Dirección Xeral da Policía.

2. A Policía Nacional usará a bandeira de España nas formacións dos seus actos protocolarios, especialmente con ocasión do Día da Policía e naqueles outros actos en que conorra con outras forzas ou corpos de seguridade nacionais ou estranxeiros.

**Artigo 2.** *Órganos e unidades da Dirección Xeral da Policía que poderán usar a bandeira de España.*

No ámbito da Dirección Xeral da Policía, o uso da bandeira de España corresponderá ás xefaturas superiores de policía e á Escola Nacional de Policía.

Artigo 3. *Protocolo e escolta da bandeira de España.*

1. Nos actos ou cerimoniais con formacións estáticas, o xefe ordenará a posición de máximo respecto cando a bandeira de España se incorpore e saia da formación. Cando a bandeira de España se incorpore á formación estática, o seu xefe gritará «policías, viva España», que será respondido por un «viva».

2. A escolta de honra estará composta por un xefe de escolta, un abandeirado e tres escoltas, que serán, respectivamente, un inspector, un subinspector e tres oficiais de policía.

3. Á incorporación e retirada de formación da bandeira de España correspóndenlle honras de himno nacional en versión completa.

4. De conformidade co establecido no artigo segundo.tres da Lei 39/1981, do 28 de outubro, pola que se regula o uso da bandeira de España e doutras bandeiras e insignias, o tratamento que reciba a bandeira pola Policía Nacional en ningún caso terá a consideración de rendición de honras militares.

Artigo 4. *Medidas e accesorios da bandeira de España no seu uso pola Policía Nacional.*

1. Cando use a bandeira de España a Policía Nacional, esta levará incorporado o escudo de España bordado en ambas as caras no centro da franxa amarela, ao redor do cal se distribuirán nunha circunferencia as seguintes inscricións en letra de cor azul policía: a lenda POLICÍA NACIONAL, na parte superior, e o nome da Xefatura Superior de Policía ou, de ser o caso, da Escola Nacional de Policía, na parte inferior.

2. Fixarase á hasta apoiada na mesma tea coséndoa de forma que cinga e suxeitándoa por unha xareta. Levará a continuación da punta de lanza e atada á hasta unha cinta de cor azul policía, coa cal se fará un lazo que terminará por ambos os extremos cun floco dourado.

3. As medidas da bandeira de España, cando a use a Policía Nacional, serán as seguintes:

- a) Longo de 1.475 mm
- b) Largo de 1.280 mm
- c) Altura do escudo de 520 mm
- d) Altura das letras de 80 mm
- e) Raio da circunferencia interior de 340 mm
- f) Raio da circunferencia exterior de 420 mm.

4. A hasta da bandeira de España será de madeira ou bambú; no extremo superior terá unha punta de lanza e no inferior un ferrón, e unha lonxitude de 2400 mm desde o extremo da punta de lanza ata o extremo do ferrón.

A punta de lanza será de metal de cor dourada, e levará gravada a placa-emblema da Policía Nacional.

5. O gardamáns terá forma de cazoleta e terá gravada a placa-emblema da Policía Nacional.

6. O portabandeira será unha banda de coiro de 80 mm de largo que estará forrada de tea azul policía cunha franxa central coas cores da bandeira de España. Estará reberetado dun galón dourado e terá unha coxa para apoiar a hasta.

Disposición adicional única. *Uso da bandeira de España en homenaxe aos caídos en acto de servizo.*

En caso de falecemento en acto de servizo de funcionarios da Policía Nacional ou persoal da Dirección Xeral da Policía, a bandeira ondeará a media hasta nos edificios policiais e durante o período que determine en cada caso o ministro do Interior, por proposta do director xeral da Policía, atendendo ás circunstancias concorrentes.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado o Decreto 485/1970, do 26 de febreiro, polo que se lle concede o dereito a usar e ostentar a bandeira nacional ao corpo de Policía Armada.
2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro do Interior para ditar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro do Interior,  
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ